


01


## Consumo responsable. Dado conta historias.

Este xogo é moi divertido. Tes que montar coa axuda do teu pai, nai ou irmáns/ás os dados. Unha vez que os teñas listos (só se necesita unha tesoirra e pegamento), só hai que **tiralos ao aire ao mesmo tempo e inventarte unha mini-historia** onde saian eses dous elementos.




01

**Consumo responsable.  
Dado conta historias.**



Exemplo:



02

**Alimentación saludable.**  
**Menuda lea!**

Hoxe Lucía foi ao supermercado co seu pai. Ao chegar a casa as bolsas da compra caéronselle ao chan e todo quedou espaxado pola cociña. Axudas a Lucía a ordenar e contar as froitas e as hortalizas?



	CANTAS HAI?		CANTAS HAI?
	5		6
	6		3
	7		4

03

## Vida activa. A praia.



Ir á praia achéganos moitísimas cousas boas. Correr, saltar, nadar, facer castelos, mergullar, voar o papaventos, tomar vitamina D do sol (sempre con protección), coller cunchas, mergullar e ver peixes, subir ás rocas, etc. Como estamos na casa e non podemos ir á praia, aínda que ás veces non faga bo tempo, que vos parece se traemos un pouquiño de praia ás nosas casas? Así poderemos deixar voar a nosa imaxinación e sentirnos coma se estivésemos alí.

Como pode ser? Fabricando a nosa propia area de praia! É moi fácil, xa verás.

### Ingredientes:



Fariña



Aceite de xirasol

### Preparación:

Mesturar os ingredientes en proporción 10 a 1. Por exemplo, 1 quilo de fariña e 100 g de aceite. Ou 2 quilos de fariña, 200 g de aceite. E listo! Pódese gardar nun *tupper* e aguenta ata dúas semanas.


04

## Desperdicio alimentario. Aproveitando os refugallos alimentarios.

Hoxe poñémonos mans á obra para crear un sementeiro a partir das cascas de ovo.

### Precisamos:

- Cascas de ovo.
- Soportes (oveiras, tapóns de botella...).
- Algodón ou terra.
- Legumes ou sementes.



O primeiro que faremos será preparar as cascas de ovos. Cando a túa familia use os ovos para facer un biscoito, unha tortilla... terán que rompelos pola punta. Con moito coidado! Logo hai que lavalas ben e deixalas secar.

### PLANTAMOS CON TERRA.

Se o que queremos facer crecer son sementes, facemos un burato na base do ovo cun alfinete para que poida pasar a auga, enchemos a casca con terra e colocamos as sementes. Logo cubrímolos con outro pouquiño de terra, regamos e colocamos nun lugar cálido e con sol.

Cada vez que a terra se seca botamos un pouquiño de auga. Nunha semana máis ou menos poderemos empezar a ver crecer as nosas plantiñas.



04

## Desperdicio alimentario. Aproveitando os refugallos alimentarios.

### PLANTAMOS CON ALGODÓN.

Se non temos sementes en casa podemos facer xerminar legumes (xudías, lentellas, garavanzos...). Para elo poñemos un trozo de algodón húmedo e colocamos enriba del as legumes (dúas ou tres). Temos que intentar que o algodón sempre este húmedo (non empapado).

Colocámolo nun lugar cálido e con sol e nunha semana máis ou menos poderemos comezar a ver crecer as nosas plantiñas.



Fotografía: Pour mes jolies momes

**Recorda decorar as cáscaras con rotus!**



**Educación infantil**